

sexa obligatoria, deberá colocarse o sinal de uso obrigatorio.

IMPORTANTE

- No teu centro de traballo deben poñer ao teu alcance os EPI's adecuados ao traballo que realizas.
- Antes de utilizar un EPI, le as instrucións de uso.
- Coida correctamente e garda os EPI's.
- Informa dos defectos ou danos que detectes no equipo.
- Se non usas os EPI's correctamente, poden supoñer un risco engadido.
- Os EPI's son de uso persoal.
- Comproba que dispoñen de Marcado CE e folleto informativo.

Universidade de Vigo

Servizo de Prevención
de
Riscos Laborais

**EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL
(EPI'S)**

xullo 2009

**EQUIPOS DE PROTECCIÓN
INDIVIDUAL (EPI'S)**

Equipos de Protección Individual



Universidade de Vigo

Servizo de Prevención
de
Riscos Laborais

Utilización dos EPI's

1. Que son os EPI's?

Calquera equipo que leva o traballador para que o protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde, así como calquera complemento ou accesorio destinado para este fin.



2. Non son EPI's?

- A roupa de traballo corrente e os uniformes que non estean destinados a protexer a saúde ou a integridade física do traballador.
- Material de deporte, de autodefensa ou de disuasión.

- Os equipos de servizos de socorro e salvamento.

3. Clasificación dos EPI's

Os EPI's clasifícanse en tres tipos dependendo da gravidade dos riscos fronte aos que protexen:

- **Categoría I:** son de deseño sinxelo e proporcionan unha protección lixeira (luvas de xardinería, luvas para coller pezas quentes de menos de 50°C, roupa e calzado para axentes atmosféricos non excepcionais nin extremos).

- **Categoría II:** de deseño medio e proporcionan protección media (equipos de protección específica de mans e/ou brazos, pés e/ou pernas, todos os cascos, todos os equipos de protección total ou parcial do rostro).
- **Categoría III:** son de deseño complexo, están destinados a protexer ao usuario dun perigo mortal ou que poida danar gravemente ou de xeito irreversible a súa saúde (dispositivos para protexer contra as caídas de altura, todos os equipos de protección respiratoria contra aerosois e líquidos ou contra os gases).



4. Criterios para o seu uso?

Os EPI's utilízanse cando os riscos non se poidan evitar ou limitarse por medios técnicos de protección colectiva ou mediante medidas, procedementos ou métodos de organización do traballo.

5. Condicións que deben reunir?

Os EPI's deben proporcionar unha protección eficaz fronte aos riscos. Para tal fin deberán:

- Ser axeitados ás condicións existentes no lugar de traballo: temperatura, humidade ambiental, concentración de osíxeno, etc.
- Ter en conta as condicións anatómicas, fisiolóxicas e de saúde do traballador: que non reduza a capacidade visual, auditiva ou respiratoria.
- Considerar o peso e volume do equipo.
- Adaptarse ao traballador tras os axustes necesarios: se ten barba, utiliza gafas, ten algún defecto facial etc.
- Se se utilizan varios equipos de protección simultaneamente, deberán ser compatibles entre si e manter a eficacia que tiñan por separado.
- Deben ir acompañados dun folleto informativo sobre as súas características, modo de emprego, modo de almacenamento, correcto mantemento, accesorios e pezas de recambio axeitadas e data de caducidade.

- A información á que se refire os parágrafos anteriores deberá ser comprensible para os traballadores e estar redactada na lingua oficial do Estado.
- Cumprir coa lexislación no referente ao deseño e fabricación.
- O Marcado CE debe aparecer nos EPI's ou no seu envase.

NOTA: non se deben adquirir EPI's que non teñan o Marcado CE e folleto informativo.

6. Elección dos EPI's

- Analizar e avaliar os riscos existentes que non poidan evitarse ou limitarse suficientemente por outros medios.
- Comparar as características dos EPI's existentes no mercado e escoller o que máis se adecúe.
- Definir as características que deben reunir os EPI's en función da natureza, magnitude do risco e as condicións ambientais e as características do traballador.
- Consultar aos traballadores e escoller entre todos os EPI's que reúnen as características buscadas, o que mellor se adapta ás necesidades.

7. Utilización e mantemento

- A utilización, mantemento, limpeza, almacenamento e reparación dos EPI's sempre se fará seguindo as instrucións do fabricante. O manual de instrucións **estará a disposición dos traballadores.**
- Só poderán utilizarse para os usos previstos
- Os EPI's están destinados a un uso persoal.
- O traballador debe informar ao seu superior de calquera defecto ou dano no seu equipo.
- Naquelas zonas nas que a utilización dun EPI sexa